

III CONCURSO DE DEBUXOS-VÍDEOS 25N

O concello do Pereiro de Aguiar, a través do CIM Padre Feijóo, convoca o “III concurso de debuxos-vídeos 25N” para conmemorar o día internacional contra a violencia de xénero.

1) **Obxectivo:** previr, concienciar e sensibilizar da existencia desta lacra social e manifestar de forma activa e interxeneracional a repulsa contra toda manifestación de violencia de xénero.

2) **Temática:** dúas opcións:

- Modalidade 1ª: expresar a través dun debuxo, viñeta ou slogan a repulsa contra todo tipo de manifestación de violencia de xénero. **Esta modalidade só está prevista para o alumnado dos centros escolares do Pereiro**
- Modalidade 2ª: vídeo curto dunha duración de entre 1 e 3 minutos máximo para difusión nas redes sociais manifestando a repulsa contra todo tipo de manifestación de violencia de xénero

3) **Partícipes:**

- a) Alumnado dos centros escolares e institutos do concello do Pereiro nas seguintes categorías:
 - Primaria: dende 1º a 6º curso
 - Secundaria: dende 1º a 4º curso
- b) Escolas deportivas do municipio do Pereiro
- c) Centro de maiores dos Gozos
- d) Aula Concilia
- e) Asociación de Mulleres Rurais do Pereiro



4) A participación neste concurso supón a **aceptación plena das presentes bases.**

5) **Características dos debuxos:** autoría orixinal, en formato papel ou cartolina DIN A-4, empregando calquera técnica ou procedemento, indicando na parte traseira nome, apelidos, idade, curso da/o alumna/o, centro escolar ao que pertence e teléfono de contacto.

6) **Características dos vídeos:**

a) Alumnado:

→ **Opción A:** un vídeo por cada etapa de 1º a 6º de primaria sen distinción de grupos A, B ou C; un vídeo por cada etapa de 1º a 4º de secundaria sen distinción de grupos A, B ou C

→ **Opción B:** un único vídeo de todo o alumnado do centro escolar da etapa de primaria; un único vídeo de todo o alumnado do centro escolar da etapa de secundaria.

b) Escolas deportivas: un único vídeo conxunto das distintas escolas deportivas

c) Centro de maiores dos Gozos: un único vídeo conxunto

d) Aula concilia: un único vídeo conxunto

e) Asociación Mulleres rurais do concello: un único vídeo conxunto

➤ Os vídeos terán unha duración de entre 1 e 3 minutos máximo.

➤ Os vídeos serán presentados por unha única persoa responsable e maior de idade que actuará en representación do grupo, e deberán enviarse ao correo electrónico: asesoriaxuridica.cim@pereiro.gal cumprimentando os seguintes datos: nome do centro escolar e, de ser o caso, a etapa de primaria ou secundaria autora do vídeo, nome das escolas deportivas partícipes no vídeo, teléfono de contacto de cada entidade partícipe, enderezo electrónico.

➤ No caso de **persoas menores de 18 anos deberán contar coa autorización da súa nai/pai/titora/tutor ou centro escolar** para participar no concurso sendo o centro escolar, escolas deportivas ou aula concilia quen solicite as autorizacións oportunas e custodie as mesmas.



- 7) As persoas participantes no concurso garanten ao Concello do Pereiro de Aguiar que son titulares dos dereitos de propiedade intelectual dos vídeos cos que concursan e manifestan que solicitaron expresa autorización daquelas persoas cuxa imaxe ou aparencia sexa plasmada nos vídeos presentados.
- 8) **Xurado e fallo:** o xurado estará composto pola concelleira da Igualdade, a técnica pedagoga e educadora de adultos e técnica do CIM. O fallo emitirase o día 16 de novembro, dando a coñecer ás gañadoras/gañadores do concurso por vía telefónica, web e redes sociais do concello. Escollerase un debuxo gañador e vídeo por cada categoría.
- 9) **Premios:** os debuxos gañadores servirán para facer os carteis conmemorativos do 25N día internacional contra a violencia de xénero, e repartiranse entre os distintos centros educativos que participen na convocatoria así como ás gañadoras/gañadores de cada categoría; os vídeos serán obxecto de difusión nas redes sociais do concello durante toda a semana do 20 ao 26 de novembro de 2023.
- 10) **Dereitos de propiedade:** cada partícipe cede os dereitos da autoría dos debuxos e vídeos ao concello do Pereiro, quen poderá exercer calquera dereito de reprodución, edición, exposición ou explotación dos mesmos.
- 11) **Prazo e lugar de entrega dos debuxos e vídeos:** a data límite de entrega dos debuxos é o **15 de novembro** de forma presencial nas oficinas do CIM (Centro de Información á muller) do concello do Pereiro, Praza do Concello, nº1, de luns a venres, en horario de 9:00 a 15:00 h; a data límite de entrega dos vídeos é o **14 de novembro** a través do c-e: asesoriaxuridica.cim@pereiro.gal
- 12) **Máis información:** Para calquera aclaración poderán dirixirse á organización a través do c-e: asesoriaxuridica.cim@pereiro.gal ou teléfonos: 699.583.252 – 988.032.554

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde,

Luis Menor Pérez